Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación oficial da asignatura de Oboe

Inclúe anexos de adaptación ás Instruccións do 1 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2021-22.

Curso escolar 2021/22

Índice

1.Introdución

2. Obxectivos xerais das ensinanzas

2.1 Grao elemental

3. Obxectivos específicos

3.1 Grao elemental

4. 1º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

4.1 Obxectivos
4.2 Contidos
4.3 Avaliación
4.3.1 Criterios de avaliación
4.3.2 Mínimos esixibles
4.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación
4.3.4 Criterios de cualificación
4.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula
4.4 Medidas de recuperación
4.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios
4.4.2 Probas extraordinarias de setembro

5. 2º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

5.1 Obxectivos
5.2 Contidos
5.3 Avaliación
5.3.1 Criterios de avaliación
5.3.2 Mínimos esixibles
5.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

5.3.4 Criterios de cualificación
5.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula
5.4 Medidas de recuperación
5.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios
5.4.2 Probas extraordinarias de setembro

6. 3º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

6.1 Obxectivos
6.2 Contidos
6.3 Avaliación
6.3.1 Criterios de avaliación
6.3.2 Mínimos esixibles
6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación
6.3.4 Criterios de cualificación
6.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula
6.4 Medidas de recuperación
6.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios
6.4.2 Probas extraordinarias de setembro

7. Metodoloxía

8. Atención á diversidade

9. Temas transversais

9.1 Educación en valores
9.2 Tratamento das TIC´s

10. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

11. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

12. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

13. Anexos de adaptación ás Instruccións do 1 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2021-22.

1. Introdución

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas no posterior decreto 198/2007 do 27 de setembro. A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

Os alumnos acceden ao grao elemental con idades de entre 8 e 14 anos, amplo rango que determina grandes diferencias entre capacidades e tamén diferentes niveis educativos na ensinanza obrigatoria.

Os accesos a 1º curso de grao elemental non requiren nin valoran coñecementos previos, senón aptitudes.O resto dos cursos precisan do dominio dos contidos do curso anterior. Se os alumnos tiveran entrado no conservatorio coa idade mínima permitida de 8 anos, compatibilizarían o grao elemental cos cursos de 3º a 6º de primaria. Na práctica a franxa de idade é variable, porque neste grao poden acceder ata os 14 anos.

Relacións interdisciplinares:

Oboe:

Na materia de instrumento o alumno adquire unha técnica de base que lle posibilite a interpretación, por medio do dominio de diversos recursos de articulación, tempero, así como

a preparación do instrumento para a obtención dunha correcta afinación, de diferentes repertorios vencellados ao propio instrumento.

Linguaxe musical:
Na materia de linguaxe musical, o alumno aprende a relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística. A finalidade da linguaxe musical é o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotoras, auditivas e expresivas, aspectos básicos que integran a práctica instrumental.

Educación auditiva e vogal:
Esta materia e a especialidade instrumental comparten os obxectivos de valorar a importancia da memoria como recurso indispensable así como afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).

2. Obxectivos xerais das ensinanzas

2.1 Grao elemental

O grao elemental das ensinanzas de música ha contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

☒ Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.

☒ Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.

☒ Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.

☒ Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.

☒ Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.

☒ Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.

☒ Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.

☒ Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

☒ Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

☒ Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

3. Obxectivos específicos

3.1 Grao elemental

O ensino do oboe no grao elemental terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans.

- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir, de forma automática, a afinación das notas e a calidade do son.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, empregando os diferentes matices para dar cor e expresión á interpretación.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras en diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
- Interpretar de memoria o repertorio estudado.

4. 1º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

4.1 Obxectivos

- Coñecemento básico das diferentes partes e mecanismo do instrumento, así como a comprensión de como se produce o son.
- Habituamento a unha correcta montaxe e coidado xeral do oboe.
- Coñecemento da respiración diafragmática como base dunha boa producción sonora.
- Adopción dunha correcta posición corporal con e sen instrumento (costas, pernas, cadeira, cabeza, brazos e mans)
- Desenvolvemento de hábitos de estudo diario eficaces (espello, atril, concentración) e con suficiente capacidade autocrítica.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.
- Desenvolvemento da atención, escoita, concentración e relaxación.
- Obtención dun son estable e unha correcta embocadura.

- Interpretación dunha serie de estudos ou obras adecuadas ao nivel.
- Aprendizaxe de diversas obras sinxelas de memoria.
- Práctica da música en conxunto para desenvolver a afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Presentación en público.

4.2 Contidos

- Practicar exercicios de relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Facer exercicios con e sen instrumento para adquirir unha correcta posición corporal.
- Realizar sons longos e mantidos para desenvolver a sensibilidade auditiva e a obtención de calidade sonora.
- Traballar os hábitos de estudo diario (regularidade, emprazamento, condicións, silencio...)
- Traballar habitualmente nas clases o silencio de partida, como medio de concentración.
- Practicar escalas e arpexios ata unha ou dúas alteracións coas principais articulacións (picado, ligado).
- Estudar diferentes fragmentos de memoria e exercicios de lectura a primeira vista.
- Coñecer e practicar os xestos camerísticos (entrada, corte...) habituais na interpretación, con piano e grupo.
- Iniciarse na identificación das estruturas musicais (frase, tema...)
- Realizar audicións de diferentes tipos de música con diversos instrumentos. Comentarios dos alumnos en clase ou escritos.
- Realizar audicións do propio instrumento en distintos tipos de música.
- Seleccionar progresivamente en canto ó grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da

capacidade musical e técnica do alumno.

4.3 Avaliación

4.3.1 Criterios de avaliación

☒ Coñecemento do instrumento e a súa morfoloxía

☒ Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual

☒ Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo

☒ Demostrar a correcta asimilación da técnica da embocadura e de estabilidade do son.

☒ Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.

☒ Lectura á vista de pequenos fragmentos

4.3.2 Mínimos esixibles

☒ Interpretar coa suficiente autonomía 10 pequenas pezas axeitadas ao nivel do curso

☒ Mostrar a súa capacidade escenográfica en alomenos 2 audicións públicas

4.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

☒ Avaliación continua nas actividades diarias de clase

☒ Avaliación audicións trimestrais públicas

☒ Avaliación das probas prácticas trimestrais

☒ Exames escritos se fose necesario

4.3.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

☒ Técnicos: 40% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)

☒ Estéticos: 40% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)

☒Actitudinais: 20% (Actitude/ Interese/ Comportamento/ Disciplina/Progreso/ Rendemento ...)

4.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

4.4 Medidas de recuperación

4.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais, da posibilidade da perda do dereito á avaliación continua.
Nestes casos o profesor ou a profesora e/ou o departamento didáctico establecerá o sistema

de avaliación extraordinario que considere oportuno.
O alumno terá dereito a un exame no mes de Xuño.
Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

☒ Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.

☒ Dúas obras escollidas polo profesor.

☒ Unha obra escollida por sorteo.

☒ Unha obra ou estudio axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

4.4.2 Probas extraordinarias.

Segundo as Instruccións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario do curso 2021/22 nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, a proba extraordinaria levaráse a cabo entre os días 13 e 17 de xuño de 2022.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

☒ Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.

☒ Dúas obras escollidas polo profesor.

☒ Unha obra escollida por sorteo.

☒ Unha obra ou estudio axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

5. 2º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

5.1 Obxectivos

■Desenvolver a capacidade pulmonar e o control do aire.

■Conseguir un mellor coñecemento das partes técnicas do oboe.

■Adquirir unha posición corporal baseada na relaxación e autocoñecemento do corpo.

■Interpretar obras e estudos adecuados ao nivel

■Desenvolver seguridade na interpretación ante o público.

■Desenvolver técnicas e hábitos de estudo individuais, con suficiente capacidade autocrítica.

■Controlar con unha autonomía cada vez maior os recursos interpretativos, (respiracións, son, articulación, fraseo).

■Conseguir un son estable do re 3 ao sol 4.

5.2 Contidos

- ■ Práctica de exercicios de respiración, relaxación e concentración
- ■ Fomento dunha actitude en clase correcta e positiva.
- ■ División do estudo en cada un dos distintos elementos das obras (técnicos, interpretativos, rítmicos, análise...)

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva mediante sons longos no rexistro grave e medio do oboe.
- Práctica do crescendo, diminuendo, ritardando.
- Práctica de escalas ata dúas e tres alteracións así como a escala cromática.
- Ampliación das articulacións.
- Práctica en grupo, e fomento dunha boa actitude persoal.
- Exercicios de adestramento progresivo da memoria e lectura a primeira vista.
- Memorización de escalas e exercicios técnicos.
- Memorización de diversas pezas sinxelas.
- Interpretación de dúos co profesor e/ou compañeiros para desenvolver a afinación e o axuste rítmico.
- Realización de audicións públicas ó longo do curso.

5.3 Avaliación

5.3.1 Criterios de avaliación

☒ Coñecemento do instrumento e a súa morfoloxía

☒ Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual

☒ Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo

☒ Demostrar a correcta asimilación da técnica do instrumento e de estabilidade do son.

☒ Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.

☒ Lectura á vista de pequenos fragmentos

5.3.2 Mínimos esixibles

☒ Interpretar coa suficiente autonomía 10 obras axeitadas ao nivel do curso

☒ Mostrar a súa capacidade escenográfica en 2 audicións públicas

5.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

☒ Avaliación continua nas actividades diarias de clase

☒ Avaliación audicións trimestrais públicas

☒ Avaliación das probas prácticas trimestrais

☒ Exames escritos se fose necesario

5.3.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

☒ Técnicos: 40% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)

☒ Estéticos: 40% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)

☒ Actitudinais: 20% (Actitude/ Interese/ Comportamento/ Disciplina/Progreso/ Rendemento ...)

5.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

5.4 Medidas de recuperación

5.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais, da posibilidade da perda do dereito á avaliación continua.
Nestes casos o profesor ou a profesora e/ou o departamento didáctico establecerá o sistema de avaliación extraordinario que considere oportuno.
O alumno terá dereito a un exame no mes de Xuño.
Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

☒ Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.

☒ Dúas obras escollidas polo profesor.

☒ Unha obra escollida por sorteo.

☒ Unha obra ou estudio axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

5.4.2 Probas extraordinarias.

Segundo as Instruccións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario do curso 2021/22 nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, a proba extraordinaria levaráse a cabo entre os días 13 e 17 de xuño de 2022.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

☒ Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.

☒ Dúas obras escollidas polo profesor.

☒ Unha obra escollida por sorteo.

☒ Unha obra ou estudio axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

6. 3º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

6.1 Obxectivos

■Desenvolver a capacidade pulmonar e o control do aire.

■Conseguir un mellor coñecemento das partes técnicas do oboe.

■Adquirir unha posición corporal baseada na relaxación e autocoñecemento do corpo.

■Interpretar obras e estudos adecuados ao nivel

■Desenvolver seguridade na interpretación ante o público.

- Desenvolver técnicas e hábitos de estudo individuais, con suficiente capacidade autocrítica.
- Controlar con unha autonomía cada vez maior os recursos interpretativos, (respiracións, son, articulación, fraseo).
- Conseguir un son estable nos rexistros grave e medio do oboe.

6.2. Contidos

- Práctica de exercicios de respiración, relaxación e concentración
- Fomento dunha actitude en clase correcta e positiva.
- División do estudo en cada un dos distintos elementos das obras (técnicos, interpretativos, rítmicos, análise...)
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva mediante sons longos no rexistro grave e medio do oboe.
- Práctica do crescendo, diminuendo, ritardando.
- Práctica de escalas ata tres alteracións así como a escala cromática.
- Ampliación das articulacións.
- Práctica en grupo, e fomento dunha boa actitude persoal.
- Exercicios de adestramento progresivo da memoria e lectura a primeira vista.
- Memorización de escalas e exercicios técnicos.
- Memorización de diversas pezas sinxelas.
- Interpretación de dúos co profesor e/ou compañeiros para desenvolver a afinación e o axuste rítmico.
- Realización de audicións públicas ó longo do curso.

6.3 Avaliación

6.3.1 Criterios de avaliación

☒ Coñecemento do instrumento e a súa morfoloxía

☒ Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual

☒ Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo

☒ Demostrar a correcta asimilación da técnica do instrumento e de estabilidade do son.

☒ Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.

☒ Lectura á vista de pequenos fragmentos

6.3.2 Mínimos esixibles

☒ Interpretar coa suficiente autonomía 10 obras axeitadas ao nivel do curso

☒ Mostrar a súa capacidade escenográfica en 2 audicións públicas

6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

☒ Avaliación continua nas actividades diarias de clase

☒ Avaliación audicións trimestrais públicas

☒ Avaliación das probas prácticas trimestrais

☒ Exames escritos se fose necesario

6.3.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

☒ Técnicos: 40% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)

☒ Estéticos: 40% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)

☒ Actitudinais: 20% (Actitude/ Interese/ Comportamento/ Disciplina/Progreso/ Rendemento ...)

6.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

6.4 Medidas de recuperación

6.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais, da posibilidade da perda do dereito á avaliación continua.
Nestes casos o profesor ou a profesora e/ou o departamento didáctico establecerá o sistema de avaliación extraordinario que considere oportuno.

O alumno terá dereito a un exame no mes de Xuño.
Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

☒ Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.

☒ Dúas obras escollidas polo profesor.

☒ Unha obra escollida por sorteo.

☒ Unha obra ou estudio axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

6.4.2 Probas extraordinarias.

Segundo as Instruccións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario do curso 2021/22 nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, a proba extraordinaria levaráse a cabo entre os días 13 e 17 de xuño de 2022.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

☒ Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.

☒ Dúas obras escollidas polo profesor.

☒ Unha obra escollida por sorteo.

☒ Unha obra ou estudio axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

REPERTORIO E BIBLIOGRAFÍA ORIENTATIVA

1º curso de Grao Elemental

Estudos

Look, listen and learn (vol.1)	Varios autores
Aprende tocando el oboe (1-13)	Wastall,P.
Técnica elemental del oboe	Guna Vilar, J.J

Obras

Really Easy Oboe Book	Hinchliffe, R.

2º curso de Grao Elemental

Estudos

Look, listen and learn (vols. 1 e 2)	Varios autores
Aprende tocando el oboe (13-24)	P.Wastall
Técnica elemental del oboe	Guna Vilar, J.J

Obras

Really Easy Oboe Book	Hinchliffe, R.

3º curso de Grao Elemental

Look, listen and learn vol 2/3	Varios autores
Aprende tocando el oboe (15-24)	P.Wastall

Estudios progresivos, vol.II	Sellner, J
Bravo, oboe, ed. Boosey and Hawkes	Varios autores

7. Metodoloxía

A orientación pedagóxica da materia irá encamiñada a solventar as dificultades que se atopa o alumno de adaptación ó instrumento. Para iso, durante o primeiro curso de grao elemental farase fincapé na adquisición dunha boa técnica de embocadura como paso previo á adquisición dun son fermoso e estable.
As necesidades específicas do instrumento fan necesaria unha aula en boas condicións acústicas de insonorización.
En canto á metodoloxía específica, faráse unha primeira toma de contacto nas primeiras sesións para obter datos específicos de forma que poidamos realizar unha avaliación sumativa, partindo dos coñecementos previos.
As ferramentas de traballo na aula serán fundamentalmente as obras plantexadas en cada curso, de forma que o alumno coñeza o repertorio para o oboe de diferentes épocas e estilos. Esto completaráse con exercicios, estudos, etc., específicos para solventar as distintas dificultades que están desenroladas nos obxectivos do curso. Completaránse coa realización de actividades como creación de pezas, escoita de obras, lectura de artigos, etc. para acadar os obxectivos propostos.

8. Atención á diversidade

Para o alumnado con necesidades específicas contémplanse os casos seguintes:

-Como se trata dunha especialidade de vento, en caso de ter algún problema relacionado co sistema respiratorio, traballaránse exercicios específicos de respiración, así como a utilización de instrumentos que serven para mellorar a capacidade pulmonar.

-No caso de ter algunha dificultade de tipo visual, o material de uso para a clase utilizaráse dixitalizado, de forma que coas ferramentas informáticas poderemos facer fronte a estas dificultades

9. Temas transversais

9.1 Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

9.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. O aula telecentro do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

10. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

As actividades extraescolares estarán organizadas polo centro, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fóra do centro, etc.. os alumnos e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar ós alumnos e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respeto e convivencia, entre outros.

☒ Audicións. Programaránse como mínimo dúas audicións ao longo do curso (como

orientación, realizaríase unha no segundo trimestre, e outra a finais do curso). Debemos valoralas na súa dupla vertente: a do/a alumno/a que toca, e que exercita a súa capacidade como solista ao tempo que pon en práctica os recursos técnicos e expresivos que vai adquirindo ao longo do curso, e a do/a alumno/a que asiste en calidade de público, que exercita o seu oído musical, ao tempo que valora o traballo dos seus compañeiros desenvolvendo o seu espiritu criítico.

☒ Asistencia a concertos. Resultan positivos en todas as súas variedades: concertos de profesores, de agrupacións musicais do propio centro, de conxuntos doutros conservatorios, de orquestras profesionais, solistas internacionais, etc

☒ Asistencia a ensaios de orquestras profesionais. No ámbito galego contamos con dúas orquestras profesionais, como son a Orquestra Sinfónica de Galicia, con sede na Coruña, e a Real Filarmonía de Galicia, radicada en Santiago. Para o alumnado resulta moi enriquecedor o contacto coa profesión e a posibilidade de observar un proceso de traballo real. Sería desexable redondear o exercicio mediante unha sesión de preguntas e respostas no caso de que o director e os músicos manifestasen a súa conformidade.

☒ Asistencia a cursos e talleres con profesores convidados. Favorece a apertura a outros procesos pedagóxicos e o contacto con alumnado pertencente a outras culturas

☒ Programación de audicións comentadas: na medida que permítan os recursos do centro, ou as posibles achegas do corpo docente, resultan moi estimulantes as proxeccións de videos ou a reprodución de discos de grandes obras e intérpretes, introducidos e comentados polo profesor. A actividade enriquécese en gran medida coa apertura dun debate posterior no que os/as alumnos/as poidan expoñer e confrontar as súas ideas.

11. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O procedemento de valoración, revisión, desenvolvemento e resultado da programación didáctica desta materia realizaráse por parte do profesorado que imparte á mesma mediante as probas internas de control, os posibles examenes e/o audición de concertos ordinarios ou

extraordinarios, reflectindo os resultados nas actas das reunións departamentais, asi coma nas actas das avaliacións trimestrais do centro.

12. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

O procedemento para realizar a avaliación interna do Departamento levaráse a cabo polo conxunto de profesores que forman parte do mesmo e quedará reflectido na Memoria final do Departamento que se engadirá á Memoria Xeral do Centro. Na avaliación que realizará o departamento indicaráse o número de alumnos da materia, baixas, aprobados, suspensos en tanto por cento, ao tempo que se sinalará aquelas circunstancias que sexan destacables do proceso de aprendizaxe do alumnado, tanto os obxectivos acadados coma os non acadados e as causas que motivaron os mesmos.

13. ANEXOS

Probas de acceso a 2º curso de Grao Elemental

☒ **O/a aspirante deberá consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba**

☒ **Calqueira acompañamento correrá a cargo do aspirante**

CONTIDOS

O aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal con tres obras de diversos estilos, das que como mínimo unha deberá interpretarse de memoria. Nesta proposta deberá demostrar un nivel técnico e expresivo e unha madurez musical acorde ao nivel esixido, así coma unha estética acorde aos estilos e épocas escollidos.
O aspirante deberá entregar ao tribunal unha lista e copia das obras orixinais que vai interpretar.
As pezas que o requiran poderán ser acompañadas doutros instrumentos de ser o caso.

REPERTORIO ORIENTATIVO

Consultar relación de **obras orientativas para 1º curso de grao elemental** que figuran nesta programación no apartado **Bibliografía.**

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

No referido aos criterios de avaliación das probas de acceso estaráse ao disposto nos criterios de avaliación reflectidos nesta programación e correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que opte o/a aspirante, así coma aos criterios de cualificación expostos para cada grao aplicados ao curso ao que se desexa acceder.

Os criterios de cualificación nas probas serán os seguintes:

☒ Técnicos: 40% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)

☒ Estéticos: 40% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)

☒ Actitudinais: 20% (Carisma/Actitude/ Interese/ Comportamento…)

Probas de acceso a 3º curso de Grao Elemental

☒ **O/a aspirante deberá consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba**

☒ **Calqueira acompañamento correrá a cargo do aspirante**

CONTIDOS

O aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal con tres obras de diversos estilos, das que como mínimo unha deberá interpretarse de memoria. Nesta proposta deberá demostrar un nivel técnico e expresivo e unha madurez musical acorde ao nivel esixido, así coma unha estética acorde aos estilos e épocas escollidos.

O aspirante deberá entregar ao tribunal unha lista e copia das obras orixinais que vai

interpretar.

As pezas que o requiran poderán ser acompañadas doutros instrumentos de ser o caso.

REPERTORIO ORIENTATIVO

Consultar relación de **obras orientativas para 2º curso de grao elemental** que figuran nesta programación no apartado **Bibliografía.**

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

No referido aos criterios de avaliación das probas de acceso estaráse ao disposto nos criterios de avaliación reflectidos nesta programación e correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que opte o/a aspirante, así coma aos criterios de cualificación expostos para cada grao aplicados ao curso ao que se desexa acceder.

Os criterios de cualificación nas probas serán os seguintes:

☒ Técnicos: 40% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)

☒ Estéticos: 40% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)

☒ Actitudinais: 20% (Carisma/Actitude/ Interese/ Comportamento…)

14. ANEXOS:

Os presentes anexos inclúense para adaptar a programación ás Instruccións do 1 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2021-22.

ANEXO I

Documento de revisión das programacións didácticas do curso 2020-21

O presente documento elabórase para dar cumprimento ás instrucións do 1 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2020/21, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Departamento: Vento madeira

Profesor/a: Isaura Rey Castro

Asignatura: Oboe

Curso: 2ºG.E

Contidos non impartidos de xeito presencial:

-Práctica da respiración

-Práctica da correcta posición corporal

-Control da emisión do son

-Traballo continuo dos hábitos de estudo

-Escalas ata dúas alteracións

-Selección progresiva en grao de dificultade de exercicios, estudos e obras dentro dun repertorio útil para o desenvolvemento da capacidade técnica e musical do alumno

Contidos traballados de xeito telemático:

Os anteriormente expostos

Contidos non traballados:

Escalas ata dúas alteracións

Selección progresiva en grao de dificultade de exercicios, estudos e obras dentro dun repertorio útil para o desenvolvemento da capacidade técnica e musical do alumno

Medidas de recuperación:

Os contidos non impartidos de xeito presencial no curso 2020/21 no 2º curso de oboe, serán impartidos de novo presencialmente no 3º, polo que se consideran incluídos na presente programación didáctica.

Os contidos que quedaron sen impartir no curso 2020/21 no 2º curso de oboe, serán impartidos no 3º curso, polo que se consideran incluídos na presente programación didáctica.

ANEXO II

Avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2020/21.

c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional coa fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

ANEXO III

Actividade lectiva semi-presencial

Polas características especiais das nosas ensinanzas, a actividade lectiva semipresencial, só se contempla no caso de que as autoridades sanitarias e educativas impoñan o réxime de corentena a un ou varios alumnos dun grupo, ao grupo completo ou ao profesor ao longo do presente curso.

Xa que logo o aula onde se imparten as clases de oboe, permite garantir o necesario distanciamento social para minimizar os riscos de contaxio e conta cos materiais adecuados para a desinfección dos postos do alumnado e do profesorado así como dispón dunha correcta ventilación, a actividade lectiva semi-presencial só se contempla en caso de producirse algún

positivo confirmado na Covid-19 e sempre que as autoridades obriguen a gardar corentena aos contactos estreitos.

En tal caso, o profesorado comprométese a manter o contacto telemático regular co alumnado e de ser necesario, axustar os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación en función da duración do illamento sanitario.

As ferramentas a utilizar para manter o contacto telemático en caso de actividade lectiva semi-presencial, serán as mesmas que se utilizan para a actividade lectiva non presencial.

ANEXO IV

Actividade lectiva non presencial

No caso de que as autoridades decretasen unha nova suspensión xeral das actividades lectivas no noso centro ou en algún grupo concreto do mesmo, o profesorado comprométese a manter o contacto telemático regular co alumnado e de ser necesario, axustar os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación en función da data na que se decretase tal esceario.

Ao non dispor no noso concello dunha plataforma on-line propria para o desenvolvemento da actividade telemática, o profesorado utilizará preferentemente aplicacións gratuítas (Skype, Zoom, E-mail, WhatsApp, Telegram ou similares).

O profesorado deberá identificar os posibles casos de “desconexión dixital” por parte do alumnado para tentar de establecer cos responsabeis do concello dun sistema de comunicación alternativo que minimice a fenda dixital.

Modificacións nos procedementos de avaliación:

Ao tratarse dunha asignatura con avaliación contínua, os traballos realizados de xeito telemático serán avaliados de xeito global para a superación, ou non, da asignatura.

Non se realizarán exames presenciais. O traballo telemático, valorado de xeito global, sustituirá ao exame final.

Os criterios de avaliación, serán os que figuran na programación oficial da asignatura e poden ser consultados na páxina web do concello de Carballo.

Chegado o caso, e en función do momento no que se produza unha hipotética situación de suspensión da actividade presencial, o profesorado poderá axustar a presente programación didáctica para atender aos contidos máis básicos e imprescindibles da mesma.